

# Adrienne Bolland 1896-1975

*Ninguén censura que unha muller sexa boa escritora ou escultora ou unha excelente especialista en xenética, se ao mesmo tempo consegue ser unha boa esposa, unha boa nai, ter boa presenza, un temperamento agradábel, estar ben educada e non ser agresiva.*

*Leslie M. Mcintyre*

Aviadora francesa, cruzou a Canle da Mancha aos 7 meses de obter a súa licenza de voo (1920, segundo muller en o conseguir).

Primeira muller en sobrevoar os Andes (1921), a súa chegada a Santiago foi celebrado con todas as honras polas autoridades chilenas; o embaixador francés non acudiu ao recibimento por non acreditar que unha muller puidese tentar esa proeza.



Fotografía: Keystone-France/Gamma-Keystone/Getty Images

## Mulleres Que Tocaron O Ceo

Tempo de mulleres, Mulleres no tempo 2012

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
	<b>primeiro de maio 1</b> 1935 créase "La Reivindicadora", sindicato de mulleres da conserva de Aídan, Cangas e Hilo.	<b>2</b> 1975 A lei 14/75 modifica a situación xurídica das mulleres casadas.	<b>3</b> As mulleres lapidadas, acusadas de delitos dos que elas eran as vítimas.	<b>4</b> 1992 Nais de soldados serbios esixen o retorno dos seus fillos da fronte.	<b>5</b> 1589 María Pita defende a cidade da Coruña sitiada por Drake e a armada inglesa.	<b>6</b> 1991 Pasamento de Marlene Dietrich, actriz alemá.
<b>7</b> 1748 Nace Olimpia de Gouges, autora de "Os dereitos da muller e da cidadá".	<b>8</b> 1919 Nace en Castelló Matilde Salvador Segarra, compositora e pianista.	<b>9</b> 1977 Olivia Posse, ferida pola Garda Civil ao se opor á extracción de area en Baldaio.	<b>10</b> 1780 Nace Angelica Catalani, soprano italiana.	<b>11</b> 1960 Sae ao mercado a primeira pílula anticonceptiva.	<b>12</b> 1910 Nace Dorothy Hodgkin, Premio Nobel de Química (1964).	<b>13</b> 1260 María Balteira, a máis afoutada das soldadeiras pero quizá tamén a máis aldraxada.
<b>14</b> 1847 Falece Fanny Hensel Mendelssohn, compositora alemá.	<b>15</b> 1926 Celebrazase o X Congreso da Alianza Internacional para o voto das mulleres.	<b>16</b> 1718 Nace M <sup>o</sup> Gaetana Agnesi, matemática. Estudos sobre tanxentes a curvas.	<b>17</b> 1863 Rosalía de Castro publica "Cantares Gallegos", no futuro, Día das Letras Galegas.	<b>18</b> 1944 Nace Celia Amorós, teórica feminista. "Cara a unha crítica da razón patriarcal".	<b>19</b> 1995 Falece Concha Espina, escritora santanderina candidata ao Premio Nobel.	<b>20</b> 1896 Pasamento de Clara Schumann, compositora e concertista austríaca.
<b>21</b> 1944 Nace Mary Robinson, Presidenta da Rep. de Irlanda e defensora dos DDHH.	<b>22</b> 1851 Nace Concepción Saiz Otero, escritora e pedagoga compostelá, "a mestra de todas".	<b>23</b> 2004 Marcha Mundial das Mulleres Europeas en Vigo "Contra a Pobreza e a Violencia".	<b>24</b> Día Internacional das Mulleres pola Paz e o Desarme.	<b>25</b> Día da "Tripla Deusa", Nai de todos os deuses irlandeses.	<b>26</b> 1999 Chus Lago, primeira muller en culminar a cima do Everest son axudada osixeno.	<b>27</b> 2004 Ingres a primeira muller na Academia de Farmacia de Galiza: a Doutora Tarsy Carballas.
<b>28</b> 1917 O Parlamento británico aproba a Lei de Sufrixio Feminino.	<b>29</b> 1934 Nace Nancy Cárdenas, escritora mexicana	<b>30</b> 1895 Nacen Elisa e Jimena Fdez. de la Vega, primeiras alumnas da USC. Acuden escoltadas ás clases.	<b>31</b> Nace Mercedes Brea, impulsora dos estudos e da difusión do cancionero medieval galego.			

**MAIO**

**STES-INTERSINDICAL**  
Organización de Mulleres